

AXUDAS PARA PALIAR OS DANOS PRODUCIDOS POLO XABARIL

O 11/01/2021 A XUNTA PÚBLICA A ORDE do 17 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas e se convocan para o ano 2021. **(código de procedemento MT809E).**

Prazo de presentación: 12/01/2021 - 10/11/2021

- a) Para os danos comunicados entre o 11 de outubro de 2020 e 12/01/2021, o prazo de presentación será **ata 11/02/2021**.
- b) Para os danos comunicados desde 12/01/2021, o prazo de presentación da solicitude de axuda será **dun mes contado desde o día seguinte ao da comunicación do dano ao teléfono 012**

COMUNICACIÓN DO DANO:

No prazo máximo das 72 horas seguintes á produción dos danos en cultivos agrícolas, as persoas físicas ou xurídicas, titulares de explotacións agrarias e os de autoconsumo, mediante unha chamada, no horario hábil, **ao teléfono 012**, na cal se lles facilitará unha clave que servirá para acreditar a chamada e identificar o expediente.

O horario hábil de atención telefónica é desde as 8.00 ata as 20.00 horas de luns a venres, e desde as 8.00 ata as 17.30, os sábados.

A partir do 11 de outubro de 2021 poderán realizarse comunicacións por danos de xabaril de acordo co establecido nos parágrafos anteriores e a concesión de axudas quedará condicionada a unha nova convocatoria no ano 2022.

PERSOAS BENEFICIARIAS:

As persoas, físicas o xurídicas, titulares de explotacións agrarias onde se constaten os danos aos cultivos agrícolas producidos polo xabaril.

IMPORTE DAS AXUDAS:

O importe das axudas por danos causados nos cultivos agrícolas polo xabaril figura no anexo I desta orde. **O importe máximo** por persoa beneficiaria e ano establécese en **2.000 €**.

ANEXO I

Baremo utilizado para o pagamento de axudas para paliar os danos producidos polo xabaril en cultivos agrícolas

Tipo de cultivo		Importe por m ²
Código	Descrición	€/m ²
MIG	Millo en gran	0,16
MIF	Millo forraxeiro	0,25
TRI	Trigo	0,12
CEN	Centeo	0,12
PRA	Pradaría	0,12
PAT	Pataca	0,44
FRU	Froiteiras	3,25
HO1	Hortalizas 1 (cenoria, repolo e nabo)	0,69
HO2	Hortalizas 2 (coliflor, tomate, berenxena, cabaciña, cebola, feixón verde, leituga, pemento e allo porro)	1,82
VID	Uva	2,93